



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 40)

Presidente:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e sete de outubro de dous mil vinde e tres**, baixo a Presidencia do Sr. Vicepresidente D^a. Efrén Castro Caloto, por ausencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sr. Presidente D. José Tomé Roca e os Srs. Deputados D. Iván Castro Díaz e D. Daniel García Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de outubro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO “C” PARA CALEFACCIÓN NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000060 consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P20AOHQFCTRF3UYYHI3YQ7Y¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7PY2ZDB7Z4YWPYDU4FEITEIA.
- 3.- Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7P20AO3IJMZZN5AJPD AEKSKI.
- 4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7PETBODZWVVCV2UMXSAJX6AM.
- 5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7PE2XZHMB SXXNJ2PWTKVSQEQ.
- 6.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7PE2X7GBG5XTRDC3WXGHRFIY.
- 7.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



1º.- Aprobar a contratación de gasóleo “C” para calefacción nos centros da Deputación Provincial de Lugo, expediente, cun prazo de duración de un ano prorrogable por outro ano, e un prazo de entrega máximo de 48 horas.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 75.551,24€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 15.865,76 €, o que fai un total de 91.417,00 €. O gasto financiarase conforme ao seguinte desglose:

GASOLEO PARA CALEFACCIÓN (TIPO C)						
CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE(IVE ENGADIDO)	2023	RC/23	2024	RC/24
MUSEO PROVINCIAL	3330.22103	32.360,00	4.854,00	22023/32040	27.506,00	220239/686
EDIFICIO MIÑO	9200.22103	14.562,00	2.184,30	22023/32041	12.377,70	220239/687
GRANXA	4120.22103	3.236,00	485,40	22023/32042	2.750,60	220239/688
PAZO DE TOR	3332.22103	4.854,00	728,10	22023/32043	4.125,90	220239/689
CAM NAVIA DE SUARNA	2315.22103	36.405,00	5.460,75	22023/32039	30.944,25	220239/691
TOTAL		91.417,00	13.712,55		77.704,45	

Segundo informe da Intervención Xeral, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2023, polos importes relacionados, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS TERMAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO LUGOTERMAL 2023-2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo LugoTermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000065, consta no mesmo:

- 1.- Programa de envellecemento activo LugoTermal aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 20.10.2023.
- 2.- Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7P3SD7PT63XH7CVRVXEA7QEI.
- 3.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7P3SD7ZJV5SVBNYJNXAIL7B4.
- 4.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7P3SD4ZJMJJXWI454UCQRONY.
- 5.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7P20BDHYOIVHPMAZUTKAY6MA.
- 6.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7PE2S6FQR5IWXYQH7CORXPIY.
- 7.- Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7PE2S5LZ7DRSN5Y5UMKYPVOL.
- 8.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7PE6L33U02IW64ZQFG6U3BII.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

- 1º.- Aprobación da contratación por lotes dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo LugoTermal 2023-2024, expediente 2023/CON_02/000065.



LOTE	BALNEARIO	PRAZAS TERMAIS CON ESTANCIA	PRAZAS TERMAIS SEN ESTANCIA
1	MADRID AIRPORT HOTELES, S.L. B-88236633	300	100
2	BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. B-27295898	50	150
3	BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L. B- 27249598	75	75
4	HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. B- 27290717	400	150

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites aos licitadores que se indican a continuación:

LOTE	ESTABLECEMENTOS DE AUGAS TERMAIS	CIF	CORREO ELECTRÓNICO
1	MADRID AIRPORT HOTELES, S.L	B-88236633	administracion@iberikhoteles.com
2	BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L.	B-27295898	balneario@balneariodelugo.com
3	BALNEARIO DO RIO PAMBRE, S.L.	B- 27249598	info@balnearioriopambre.com
4	HOTEL BALNEARIO AGUAS SANTAS, S.L.	B-27290717	santiagovillanueva@iberikhoteles.com

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 82.912,50 €, ao que se aplicará un IVE do 10%, 8.291,25 €, o que fai un total de 91.203,75 €.

LOTE	ORZAMENTO SEN IVE	IVE	TOTAL
1 MADRID AIRPORT HOTELES, S.L.	30.150,00 €	3.015,00 €	33.165,00 €
2 BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L	5.025,00 €	502,50 €	5.527,50 €
3 BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.	7.537,50 €	753,75 €	8.291,25 €
4 HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L	40.200,00 €	4.020,00 €	44.220,00 €
	82.912,50 €	8.291,25 €	91.203,75 €

O gasto financiarase segundo consta no informe de consignación da Intervención, de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDAD	APLICACIÓN	IMPORTE	APUNTE CONTABLE
2023	2314.22799	49.747,50	RC/22023/31450
2024	2314.22799	41.456,25	RC/220239/685
TOTAL		91.203,75	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIBAS DE SIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“*Antecedentes.*

1.- Acordos da Xunta de Goberno de adxudicación de contratos:



Acordo de 26 de agosto de 2022, con CSV IV7AWPZ7LZES5HR7CBWU4MIAEA: “1º.- Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 lote 1 Mobiliario xeral, por un importe de 131.390,00 € euros, aos que haberá que engadir 27.591,90 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 158.981,90 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos”.

Acordo de 7 de outubro de 2022, con CSV IV7A64LPIA542TEDS4GGGYAU6U: “2º.- Adxudicar á empresa Mariña Clima S.L. a contratación da subministración de equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, expediente 2022/CON_02/000044 lote 3- Lavandería, por un importe de 49.262,25 euros, aos que haberá que engadir 10.345,07 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 59.607,32 euros e un prazo de garantía para a totalidade dos produtos de 5 anos.”

2.- Formalización dos contratos:

Contrato do lote 1 Mobiliario xeral con CSV IV7A4MANLH7YTLWY6I7QERBCCI, asinado en data 3 de outubro de 2022.

Contrato do lote 3 Lavandería con CSV IV7AEQDJNUU7TPFSUBUWEAJEI4, asinado en data 14 de novembro de 2022.

3.- Contrato modificado do lote 1, por importe de 1.787,55 €, IVE incluído, asinado o 10 de marzo de 2023, con CSV IV7BEDHCGEEN5KGI4RXGOX7UEQ.

4.- Solicitud do Servizo de Benestar Social e Igualdade de modificación do contrato e consignación orzamentaria, de data 9 de outubro de 2023, con CSV IV7PZTDJF57N3RB3SANWIZ3SGY.

5.- Consignación orzamentaria, de data 11 de outubro de 2023, con CSV IV7P2SQ4ZPVNYSHZABVEEYHFKQ.

6.- Conformidade coa modificación, asinada polos contratistas en data 9 de outubro de 2023:

Aceptación do lote 1, con CSV IV7PZTJ2HT547NESSFNDK5TPJY.

Aceptación do lote 3, con CSV IV7PZTDJF57N3RB3SANWIZ3SGY.

7.- Consignación orzamentaria, de 11 de outubro de 2023, con CSV V7P2SQ4ZPVNYSHZABVEEYHFKQ.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto O do Cadro resumo, en relación cos artigos 203 e 204 da LCSP, a modificación seguinte:

“Modificación prevista no PCAP (204 LCSP): De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, prevese neste PCAP a seguinte modificación: Modificación por necesidade de aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar durante o prazo de dous anos a contar desde a formalización do contrato. Esta modificación non poderá supoñer unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial de cada lote. Os motivos da modificación poden ser: necesidades que xurdan no centro, substitución por deterioro e outras semellantes. Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica.”

Cúmprese o preceptuado nesta cláusula:



1.- As propostas do Servizo de Benestar Social e Igualdade consisten en aumentar o número de unidades de algún dos elementos a subministrar.

2.- Atopámonos dentro do prazo “de dous anos a contar desde a formalización do contrato”.

3.- As modificacións non supoñen unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial do lote, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

LOTE	IMPORTE TOTAL ADXUDICADO	IMPORTE ADQUISICIÓN DAS NOVAS UNIDADES	VARIACIÓN SOBRE O TOTAL (%)
1	158.981,90 €	10.100,16 €	6,35 % (7,47% sumando a primeira modificación)
3	59.607,32 €	862,13 €	1,45 %

4.- O motivo da modificación prevista é, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade: “Actualmente estando o centro aberto e con vistas aos futuros ingresos solicítase dende o centro unha serie de unidades de mobiliario xa contempladas no contrato que nos ocupa polo que solicítase a ampliación do mesmo para estas novas adquisicións. As unidades solicitadas son sillóns de traslado e sofás dunha praza contemplados no lote 1 e unhas estanterías de polietileno correspondentes ao lote 3 co gaio de ampliar espazo de almacenamento.”

5.- Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada unidade, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica. Así, conforme a proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

LOTE	IMPORTE LICITACIÓN Con IVE	IMPORTE ADXUDICACIÓN Con IVE	% BAIXA OFERTADA
1	187.402,56 €	158.981,90 €	15,17%
2	62.744,55 €	59.607,32 €	5,00%

Polo exposto os prezos unitarios a aplicar ás unidades solicitadas son os que se amosan na seguinte táboa:

LOTE	ID	CONCEPTO	PREZO UNITARIO			
			LICITACIÓN		ADXUDICACIÓN	
			Sen IVE (€)	Con IVE do 21% (€)	Sen IVE (€)	Con IVE do 21% (€)
1	30	Sofá unha praza	510,00 €	617,10 €	432,63 €	523,48 €
1	31	Sillón orejero traslado	576,00 €	696,96 €	488,62 €	591,23 €
3	313	Estantería polietileno	750,00 €	907,50 €	712,50 €	862,13 €

Segunda.- A cláusula vixésimo cuarta do PCAP, referida á modificación do contrato, recolle o seguinte:

“24.1.Modificación prevista no PCAP (artigo 204 LCSP). Ver o cadro resumo.

En caso de que se prevea unha modificación, deberá tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A modificación, en caso de estar prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarse do seguinte xeito:

Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable do contrato.

Darase audiencia á adxudicataria polo prazo de dez días naturais.

Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.

A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.

Publicarase un anuncio da modificación na Plataforma de Contratos do Sector Público no prazo de cinco días desde a aprobación da mesma.

Terceira.- De acordo co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP:

“Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.”

Sendo necesaria, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Cuarta.- O PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3:



“O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da Lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial”.

Polo tanto, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno.

Conclusión.

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, infórmanse favorablemente as modificacións contractuais propostas pola responsable do contrato da subministración do equipamento para o Centro de Atención ás Persoas Maiores de Ribas de Sil. Lote 1 e Lote 3, entendendo que procede que, polo órgano de contratación, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, 2022/CON_02/000044, lote 1 (mobiliario xeral) e lote 2 (lavandaría), adxudicados respectivamente ás empresas Industrias Hidráulicas Pardo S.L. e Mariña Clima, S.L., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

IMPORTE NOVAS UNIDADES PARA MODIFICACIÓN DOS LOTES 1 E 3 DO CONTRATO 2022/CON_02/000044					
LOTE	CONCEPTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
			Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
1	Sofá unha praza	8	432,63 €	3.461,04 €	4.187,86 €
1	Sillón orejero traslado	10	488,62 €	4.886,20 €	5.912,30 €
3	Estantería polietileno	1	712,50 €	712,50 €	862,13 €

Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

As empresas adxudicatarias deberán presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE:

LOTE	CONTRATISTA	IMPORTE ADQUISICIÓN DAS NOVAS UNIDADES	GARANTÍA (5%)
1	INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L	8.347,24 €	417,36 €
3	MARIÑA CLIMA, S.L	712,50 €	35,63 €

A garantía será constituída de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual”.

En base ao que vai dito, unha vez fiscalizado pola Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do contrato da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Ribas de Sil, 2022/CON_02/000044, lote 1 (mobiliario xeral) e lote 2 (lavandaría), adxudicados respectivamente ás empresas Industrias Hidráulicas Pardo S.L. e Mariña Clima, S.L., para engadir unha serie de unidades xa contempladas nos pregos do expediente, por un importe de:

IMPORTE NOVAS UNIDADES PARA MODIFICACIÓN DOS LOTES 1 E 3 DO CONTRATO 2022/CON_02/000044					
LOTE	CONCEPTO	Unidades	PREZO UNITARIO ADXUDICACIÓN	TOTAL IMPORTE	
			Sen IVE (€)	Sen IVE (€)	Con IVE (€)
1	Sofá unha praza	8	432,63 €	3.461,04 €	4.187,86 €
1	Sillón orejero traslado	10	488,62 €	4.886,20 €	5.912,30 €
3	Estantería polietileno	1	712,50 €	712,50 €	862,13 €

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.



3º.- As empresas adxudicatarias deberán presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE:

LOTE	CONTRATISTA	IMPORTE ADQUISICIÓN DAS NOVAS UNIDADES	GARANTÍA (5%)
1	INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L	8.347,24 €	417,36 €
3	MARIÑA CLIMA, S.L	712,50 €	35,63 €

A garantía será constituída de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ENCARGO ESTABLECIDO POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DE TITULARIDADE PROVINCIAL NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Visto o informe técnico do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, de CSV IV7P7SJKBZP7VFGCUF7MAVQXEY, relativo á necesidade das modificacións das características técnicas que rexen a prórroga do encargo do servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo, para a anualidade 2023.

Proponse á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo proceder á modificación do devandito encargo provocada polas circunstancias recollidas no documento de CSV IV7P7SJKBZP7VFGCUF7MAVQXEY nos seguintes termos:

1º.- Aumento do orzamento que rexe este encargo nos seguintes capítulos xa existentes:

Aumento do subcapítulo 5. 5.1 P.A a xustificar en xestión de residuos.

Partida	Medición	Importe (€)
5.1 P.A a xustificar en xestión de residuos	1,00	613,98

Aumento do subcapítulo 6 Medios auxiliares, mantementos e pequeno material nos seguintes subcapítulos:

Partida	Medición	Importe (€)
6.1 P.A a xustificar en xestión de residuos	1,00	15.014,87
6.2. PA a xustificar medios auxiliares, proteccións colectivas , alugueres, colaboracións externas, etc.	1,00	15.070,66
6.3. PA a xustificar combustibles, lubricantes, etc.	1,00	10.156,82

2º.- Introdución dun novo capítulo denominado 7 Renovación maquinaria.

Segundo as necesidades que se poñen de manifesto o orzamento da prórroga deste encargo aprobado ata o de agora debe modificarse quedando ata o 31 decembro de 2023 como se reflicte a continuación:

Partida	Medición	Importe (€)
7.1 P.A a xustificar Renovación de maquinaria	1,00	20.000,00

3º.- Aprobar o gasto derivado desta modificación como se recolle na seguinte táboa e que ascende a un total de 69.999,99 € que se imputara con cargo á aplicación orzamentaria 1710.22799:

Partida	Medición	Importe (€)
5.1 P.A a xustificar en xestión de residuos	1,00	613,98
6.1 P.A a xustificar en xestión de residuos	1,00	15.014,87
6.2. PA a xustificar medios auxiliares, proteccións colectivas , alugueres, colaboracións externas, etc.	1,00	15.070,66
6.3. PA a xustificar combustibles, lubricantes, etc.	1,00	10.156,82
7.1 P.A a xustificar Renovación de maquinaria	1,00	20.000,00
Total costes directos		60.856,33
7,50 % Costes indirectos(60.856,33)		4.564,22
7,00 % Gastos Xerais(65.420,55)		4.579,44
Total Orzamento Execución Material		69.999,99



4º.- Aumento de zonas recollidas na memoria técnica que rexe a prórroga establecida ata decembro de 2023.

Polo tanto a modificación que se pretende aprobar recollerá:

A modificación do recollido no apartado 1. Obxecto e Ámbito da memoria vixente, concretamente no texto e táboa que recollía:

CONCELLO	ÁREA VERDE	SUPERFICIE
A PONTENOVA	Parque Rio Eo	25.053
BARREIROS	Pistas Deportivas San Cosme	992
CHANTADA	Embarcadoiro Belesar Presa	11.168
FRIOL	Contorna Rio Narla	40.002
FRIOL	Contorna San Paio de Narla	4.811
LUGO	Estrada de Ombreiro	27.698
LUGO	As Saamasas-Os Robles	41.726
LUGO	A Tolda	68.069
LUGO	Paseo do Rato_Centro Cesteria_Centro Interpretación	141.176
LUGO	A Chanca-Frias-O Portiño	63.856
LUGO	Sagrado Corazón-Paradai	78.164
LUGO	Pazo Provincial dos Deportes	21.707
LUGO	Zona Verde Fundación TIC	2.604
LUGO	Xardins e Claustro Museo Provincial	1.691
LUGO	Vagoada Universidade	34.002
LUGO	Xardins Pazo de San Marcos	4.490
LUGO	Xardins Santa Maria	1.309
LUGO	Parque Movil Provincial	1.408
LUGO	Contorna Mazo de Santa Comba	16.098
LUGO	Insua de Burneiros	13.213
MEIRA	Contorna Rio Miño	50.596
MONDOÑEDO	Xardins dos Paredones	6.063
MONFORTE DE LEMOS	Embarcadoiro Ponte do Sil	1.626
MONFORTE DE LEMOS	Xardins do Pazo de Tor	43.287
NAVIA	Contorna Rio Navia	13.830
INCIO	Contorna Encoro de Vilasouto	86.329
O SAVIÑAO	Embarcadoiro Belesar Bodega	157
PARADELA	Embarcadoiro San Facundo	157
PARADELA	Contorna San Facundo	1.868
PASTORIZA	Contorna Rio Miño	42.455
PORTOMARIN	Embarcadoiro/instalacións	1.420
QUIROGA	Contorna Río Lor	26.046
SOBER	Embarcadoiro de Os Chancis	3.689
O CORGO	Sendeiro Burneiros-Fervenza	24.962
RABADE	Insuas de Rabade	4.260
QUIROGA	Augasmestas	29.612
MONFORTE DE LEMOS	Contorna Rio Cabe	17.115
	SUPERFICIE TOTAL	953.268,00 m2

Deberá reflectir:

CONCELLO	ÁREA VERDE	SUPERFICIE
A PONTENOVA	Parque Rio Eo	25.053
BARREIROS	Pistas Deportivas San Cosme	992
CHANTADA	Embarcadoiro Belesar Presa	11.168
FRIOL	Contorna Rio Narla	40.002
FRIOL	Contorna San Paio de Narla	4.811
LUGO	Estrada de Ombreiro	27.698
LUGO	As Saamasas-Os Robles	41.726
LUGO	A Tolda	68.069
LUGO	Paseo do Rato_Centro Cesteria_Centro Interpretación	141.176
LUGO	A Chanca-Frias-O Portiño	63.856
LUGO	Sagrado Corazón-Paradai	78.164
LUGO	Pazo Provincial dos Deportes	21.707
LUGO	Zona Verde Fundación TIC	2.604
LUGO	Xardins e Claustro Museo Provincial	1.691
LUGO	Vagoada Universidade	34.002
LUGO	Xardins Pazo de San Marcos	4.490
LUGO	Xardins Santa Maria	1.309
LUGO	Parque Movil Provincial	1.408
LUGO	Contorna Mazo de Santa Comba	16.098
LUGO	Insua de Burneiros	13.213
MEIRA	Contorna Rio Miño	50.596
MONDOÑEDO	Xardins dos Paredones	6.063
MONFORTE DE LEMOS	Embarcadoiro Ponte do Sil	1.626
MONFORTE DE LEMOS	Xardins do Pazo de Tor	43.287
NAVIA	Contorna Rio Navia	13.830
INCIO	Contorna Encoro de Vilasouto	86.329
O SAVIÑAO	Embarcadoiro Belesar Bodega	157
PARADELA	Embarcadoiro San Facundo	157
PARADELA	Contorna San Facundo	1.868
PASTORIZA	Contorna Rio Miño	42.455
PORTOMARIN	Embarcadoiro/instalacións	1.420
QUIROGA	Contorna Río Lor	26.046
SOBER	Embarcadoiro de Os Chancis	3.689
O CORGO	Sendeiro Burneiros-Fervenza	24.962
RABADE	Insuas de Rabade	4.260
QUIROGA	Augasmestas	29.612
MONFORTE DE LEMOS	Contorna Rio Cabe	17.115
ANTAS DE ULLA	Parque Central de Galicia	44.179
LUGO	Cercón do Parque Periurbán do río Rato	38.480
	SUPERFICIE TOTAL	1.035.927 m2



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REFORMULACIÓN ORZAMENTARIA DAS ACTIVIDADES QUE INTEGRAN OS PROGRAMAS PROPIOS DO SERVIZO DE CULTURA: CIRCUITOS TEATRAIS AFECCIONADO E PROFESIONAL E CIRCUITO DE CINEMA NA PROVINCIA DE LUGO E PROGRAMA XUNT@S POLO SERÁN, 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do Servizo de Cultura, onde se dí, entre outras cousa que: “(...) Na anualidade 2023, o Servizo de Cultura puxo en marcha 2 Programas propios denominados: circuitos teatrais afeccionado e profesional e circuito de cinema na provincia de Lugo e o programa xunt@s polo serán, 2023.

Ámbolos dous programas propios teñen por obxecto espallar o lecer a todos os recunchos e potenciar os elementos de cohesión social e territorial que permitan loitar contra os atrancos do acceso á cultura e a tradición culturala toda a poboación, independentemente do seu lugar de residencia: democracia cultural.

Xunt@s polo serán é un programa de natureza cultural e festiva, onde música, danza, maxia, circo e obradoiros se mesturan, facendo da cultura, unha festa – entendida dende o punto de vista antropolóxico e etnográfico-, como un día especial co que romper coas actividades cotiás.

O redor da música, da danza, da maxia, do circo,... conseguirase que, a lingua e a reinterpretación (se fose o caso) da tradición creen lazos e unan esforzos en prol da participación, da colaboración e da integración social nunha festa chea espectáculo cultural propio.

No caso dos circuítos teatrais (afeccionado e profesional) está dirixido a promover o desenvolvemento das artes escénicas teatrais e facilitar a acceso do público ao teatro mediante a distribución de montaxes tanto de teatro clásico, nos seus diferentes xéneros (comedia, traxedia, traxicomedia, drama, títeres...), como de teatro moderno, entendendo como tal o teatro inmersivo, a improvisación, o microteatro, os musicais, o teatro do absurdo, a mímica, o teatro infantil, o teatro experimental..., abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social.

No caso do Circuito de Cinema preténdese difundir os proxectos cinematográficos e/ou audiovisuais de factura galega, os proxectos de cinema non comercial, a

proxección de filmes dobrados en lingua galega ou ben difundir a participación de actores e actrices galegos, mediante a divulgación dunha filmografía con vinculación directa ou indirecta- coa promoción da cultura galega.

Coa materialización destes programas propios, o servizo de Cultura propúxose como obxectivos os de:

Incentivar a produción e o consumo cultural.

Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade as artes cinematográficas e teatrais como mecanismo de cohesión social.

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o cinema a mailo teatro aos concellos da Provincia, aos Centros de ensino e ás asociacións culturais de toda a provincia.

Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Converter as manifestacións culturais de natureza teatral e cinematográfica nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.

Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.

Complementar a programación artística que por parte dos concellos, dos centros de ensino e das asociacións culturais se veñen desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo: a provincia.

Na actualidade, unha vez que se está a piques de rematar as necesidades destes Programas e, por tanto, de atender tamén ás necesidades socio-culturais derivadas de espallar esta programación propia por todos os recunchos da nosa provincia, co



obxecto de optimizar tanto a xestión cultural como a xestión económica dos recursos (...)"

2º.- A vista da necesidade de reformulación económica das actividades que integran os programas propios do Servizo de Cultura, a Deputada delegada de Cultura propón que polo Xunta de Goberno se aproben- se procede-as seguintes reformulacións:

1º.- Liberar do orzamento total do Circuito de Cinema (Programa Circuitos Teatrais e de Cinema), 35.050,00 € e sexan traspasados a:

25.050,00 € as actuacións de música folk, música pop-rock, música clásica, música electrónica, música tradicional (non acústica) e charangas do Programa Xunt@s polo Serán.

10.000,00 € aos Obradoiros infantís do Programa Xunt@s polo Serán.

2º.- Redistribuir dentro do Programa Xunt@s polo Serán, as seguintes cantidades:

Pasar 4.085,00 € da actividade de danza e redistribuir do seguinte xeito:

2.200,00 € a Obradoiros infantís (Programa Xunt@s polo Serán).

1.885,00 € a Actuacións de música folk, música pop-rock, música clásica, música electrónica, música tradicional (non acústica) e charangas do Programa Xunt@s polo Serán.

Pasar 8.000,00 € da actividade de música infantil ás actuacións de música folk, música pop-rock, música clásica, música electrónica, música tradicional (non acústica) e charangas do Programa Xunt@s polo Serán.

3º.- Redistribuir dentro do Programa Circuitos de Teatro afeccionado e Profesional e circuito de Cinema, pasando 4.873,41 € do Circuito de Teatro Afeccionado ao Circuito de Teatro Profesional."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 229/2023-L.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 229/2023-L seguido a instancia de Plus Ultra Seguros Generales y Vida, S.A. en relación “al Expediente sobre Responsabilidad Patrimonial de la administración seguido con el nº36/2023 a instancias de mi mandante frente a la Diputación Provincial de Lugo contra la resolución dictada por dicha Diputación en fecha 23 de junio de 2023 desestimatoria de las pretensiones de mi representada ...”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO SEGURIDAD SOCIAL Nº 457/2023.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 19 de xullo de 2023 relativo ao procedemento: Seguridad Social 457/2023 seguido ante o Xulgado do Social nº4 de Lugo por MC Mutual, mutua colaboradora con la Seguridad Social Nº1 fronte á TXSS, d. Antonio Vila Díaz, INSS, Consorcio provincial de seguros – prestación de servicios, Deputación Provincial de Lugo, Ibermutua Mutua Colaboradora con la Seguridad Social, Nº274 sobre impugnación de grado de incapacidade permanente derivada de accidente de traballo, no que se acorda admitir a trámite a demanda presentada e se cita ás partes para que comparezan o día 30 de maio de 2024 ás 10.30 para a celebración do acto do xuízo.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.-COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.